Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
XOVES, 19 DE NOVEMBRO DE 2026 | JUEVES, 19 DE NOVIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 222

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Promoción Económica, Emprego e Comercio

Convocatoria e bases de selección; proceso de contratación catro persoas mozas, como persoal laboral, ao abeiro da subvención Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia (Programa TR350E - Garantía Xuvenil - FSE+2021-2027)

CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN REGULADORAS DO PROCESO DE CONTRATACIÓN DE CATRO (4) PERSOAS MOZAS, COMO PERSOAL LABORAL, AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA (PROGRAMA TR350E – GARANTÍA XUVENIL – FSE+ 2021-2027)

PRIMEIRA. Obxecto.

O obxecto desta convocatoria é establecer as bases e o procedemento de selección para a contratación laboral temporal de catro (4) persoas mozas, ao abeiro da Orde do 22 de maio de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan para o ano 2026 subvencións para a contratación de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) Galicia 2021-2027 (código de procedemento TR350E).

As persoas contratadas realizarán servizos de interese xeral ou social de carácter non permanente, orientados á adquisición de experiencia e práctica profesional que facilite a súa inserción no mercado laboral (art. 1 e 6 da Orde TR350E).

Os postos de traballo a cubrir son os seguintes:

Nº traballadores/as	CNO 2421	Titulación esixida	Duración (meses)	Xornada (%)
4	Biólogos/as, botánicos/as, zoólogos/as e afíns	Segundo a base segunda, apartado 2	9 meses	100%

1.1 Contratación.

O Concello de Santiago de Compostela formalizará, por escrito no modelo oficial correspondente, os contratos das persoas mozas que fosen seleccionadas e consten como tales nas actas da Comisión de Selección.

- A modalidade contractual será CONTRATO DE TRABALLO TEMPORAL coas cláusulas específicas de contratos vinculados a programas de políticas activas de emprego (código 405), conforme ao artigo 30.1 e 30.6 da Orde do 22 de maio de 2026, a xornada completa e cunha duración de 9 meses. Os contratos formalizaranse antes do 30 de novembro de 2026, data límite fixada pola Resolución da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais do 21 de outubro de 2026, que amplía o prazo ao abeiro do artigo 30.2 da Orde, ou na data que resulte das ampliacións que, no seu caso, se autoricen dentro do exercicio 2026.
- **Retribucións brutas mensuais, incluída a parte proporcional de pagas extraordinarias: 2.342,64 €.** Esta contía correspóndese co valor actual do Grupo A2 do Acordo Regulador-Convenio Colectivo do persoal ao servizo do Concello de Santiago de Compostela (BOP núm. 22, do 03/02/2010), no que se encadra, en atención á titulación esixida, ás responsabilidades atribuídas e ás restantes condicións de traballo, segundo o informe de custos de contratación corrixido, emitido pola Xefatura de Servizo de RRHH e Avaliación, que se incorpora ao expediente.
- Os custos salariais e de Seguridade Social destas contratacións financiaranse exclusivamente coa subvención TR350E e coa achega municipal complementaria, e non se imputarán a ningún outro programa, proxecto ou fonte de financiamento, co fin de evitar calquera dobre financiamento.

As persoas mozas traballadoras seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa.

1.2 Funcións.

As tarefas asignadas non substitúen postos de carácter estrutural, senón que se enmarcan en actividades ou servizos de interese xeral ou social de carácter non permanente, tales como campañas, talleres, eventos ou tarefas documentais vinculadas a programas con duración definida, estando ademais supervisadas por persoal do concello e orientadas a facilitar a adquisición de experiencia e formación práctica por parte das persoas contratadas, a saber:

Número de anuncio 2026/7521

– Deseño e execución dun programa de actividades de educación ambiental e divulgación científica sobre o río Sar (itinerarios guiados, obradoiros e actividades con centros educativos), que se desenvolverá durante a vixencia dos contratos e rematará cunha memoria final.

– Realización dun inventario de flora, fauna e hábitats nos parques do Monte Pedroso, Berce do Sar e Banquete de Conxo, coa entrega dun informe técnico final que sirva de base documental para as actuacións de restauración ou protección ambiental previstas nestes espazos.

– Elaboración de materiais didácticos, informativos e de divulgación ambiental (guías, fichas, contidos para paneis e soportes dixitais) para as campañas municipais de educación ambiental programadas durante o período de contratación.

– Participación nas campañas de sensibilización ambiental e nos eventos municipais puntuais que se celebren durante a vixencia dos contratos.

Ao inicio dos contratos, a persoa técnica municipal designada para a supervisión elaborará un plan de actividades co calendario e os produtos entregables de cada unha das actuacións anteriores, que se incorporará ao expediente. Ao remate, emitirá un informe final das actividades realizadas e dos produtos obtidos.

Quedan expresamente excluídas as funcións propias de postos da relación de postos de traballo e calquera tarefa de carácter permanente ou estrutural e, en particular: o mantemento, a limpeza ou a conservación ordinaria de parques e espazos públicos; a atención ao público, o rexistro ou a tramitación de expedientes administrativos; e a substitución de persoal municipal ausente. A persoa supervisora velará durante toda a execución polo carácter non estrutural dos servizos prestados.

1.3 Necesidade urxente e inaprazable da contratación.

De conformidade co artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, prorrogados para o exercicio 2026, a contratación que se convoca responde a unha necesidade urxente e inaprazable, polas seguintes razóns:

– Execútase con cargo á subvención concedida ao abeiro da Orde do 22 de maio de 2026 (DOG núm. 108, do 11 de xuño), financiada con crédito finalista dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026 (Lei 4/2025, do 23 de decembro; aplicación 14.02.322C.460.01) e cofinanciada polo FSE+ Galicia 2021-2027.

– O artigo 30.1 da Orde obriga a formalizar os contratos dentro do prazo fixado na resolución de concesión. Por Resolución do 21 de outubro de 2026, a Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais ampliou ese prazo, e o de presentación da documentación xustificativa, ata o 30 de novembro de 2026. Calquera ampliación posterior só pode autorizarse dentro do exercicio 2026 (art. 30.2 da Orde). A non formalización dos contratos ou a non presentación da xustificación neste prazo supón a perda do dereito ao cobramento dunha subvención de 94.424,12 €, que financia o 82 % do custo do programa.

– Conforme ao artigo 30.12 da Orde, as contratacións non poden ter por obxecto cubrir postos vacantes da relación de postos de traballo, polo que a necesidade non pode atenderse con persoal propio nin mediante outros procedementos de provisión.

– A finalidade do programa, a inserción laboral de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, é de interese social, e as funcións que se lles asignan non son estruturais, segundo o apartado 1.2.

SEGUNDA. Requisitos das persoas aspirantes

1. Requisitos xerais. Segundo o artigo 29.2 da Orde do 22 de maio de 2026, ut supra referenciada, “As persoas mozas traballadoras que sexan contratadas para a realización dos servizos polos que se outorgue a subvención deberán cumprir, en todo caso, os requisitos seguintes no momento da selección e da formalización do contrato de traballo:

– Ter feitos os 18 anos e non superar os vintenove (29) anos (idade máxima que establece a normativa vixente do Sistema nacional de garantía xuvenil), de conformidade co artigo 97.c) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

– Ser desempregadas e inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.

– Estar inscritas como beneficiarias no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

– Cumprir os requisitos de non ter traballado ou recibido accións educativas ou formativas o día natural anterior ao momento de recibir a actuación, en coherencia co disposto no artigo 105.1 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, modificada polo Real decreto lei 6/2016, do 23 de decembro, e polo Real decreto lei 8/2019, do 8 de marzo.

Número de anuncio 2026/7521

– Ser convocado/a polo Servizo Público de Emprego de Galicia: figurar na sondaxe remitida pola Oficina de Emprego de Santiago, correspondente á oferta pública de emprego presentada polo Concello, na categoría profesional á que se pretende optar e cos requisitos específicos requiridos."

– Así mesmo, conforme ao artigo 29 da Orde e á Instrución informativa da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais sobre o procedemento de selección (TR350E), non poderán ser contratadas as persoas que fosen contratadas por un período igual ou superior a cento oitenta (180) días ao abeiro das axudas da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do ano 2025 para programas de cooperación con entidades sen ánimo de lucro (procedemento TR352A) e para programas de cooperación de garantía xuvenil con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro (procedementos TR350E e TR349Z).

2. Requisito específico de titulación. Estar en posesión do título universitario de Grao ou Licenciatura en Bioloxía, Ciencias Ambientais (ou outras titulacións afíns). No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá acreditarse a súa homologación ou equivalencia. Este requisito figurará na oferta de emprego presentada ante a Oficina de Emprego.

Todos os requisitos deberán posuílos os/as aspirantes tanto no momento da selección como no da formalización do contrato como persoal laboral temporal do Concello de Santiago.

TERCEIRA. Preselección de aspirantes.

De conformidade co artigo 29 da Orde do 22 de maio de 2026 de referencia, para a selección das aspirantes o Concello de Santiago contactará coa Oficina de Emprego asignada e presentará a correspondente oferta de emprego unha vez aprobadas esta convocatoria e bases, simultaneamente á súa remisión para publicación no BOP, solicitando unha relación de persoas candidatas segundo os requisitos de perfil profesional precisos para os postos da presente convocatoria. En todo caso, a entrevista e a valoración de méritos non se realizarán ata que as bases estean publicadas no BOP.

A selección definitiva das persoas traballadoras realizarase de entre as persoas candidatas que sexan remitidas por dito organismo, non sendo admitida ningunha candidata que non sexa preseleccionada e convocada polo Servizo Público de Emprego.

Unha vez recibida a relación de candidatas, o Concello de Santiago contactará coas ditas candidatas aos efectos de verificar o seu interese en participar no programa.

A oferta de emprego presentarase, con carácter xeral, con 15 días hábiles de antelación á data prevista de contratación, xunto coa resolución de concesión, e non incluirá como criterio de emparellamento a posesión de experiencia laboral, segundo a Instrución informativa sobre o procedemento de selección (TR350E).

De acordo coa dita Instrución, ao tratarse dun programa encadrado nas políticas activas de emprego, no proceso de selección seguiranse os criterios establecidos polo Servizo Público de Emprego para a cobertura de ofertas de emprego, polo que non será aplicable a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas Administracións Públicas. Sen prexuízo diso, o Concello aplicará na fase de selección que lle corresponde os principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade, mediante a entrevista estruturada e o baremo obxectivo recollidos na base quinta.

CUARTA. Publicidade.

1. Unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia, as bases do proceso de selección estarán a disposición das persoas interesadas na páxina web da Axencia Local de Colocación (www.axencialocaldecolocacion.org).

2. Os anuncios do procedemento de selección publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina web da Axencia Local de Colocación do Concello.

QUINTA. Contido e desenvolvemento do proceso selectivo.

O proceso de selección das persoas candidatas, unha vez remitidas pola Oficina de Emprego, realizarase mediante o desenvolvemento das seguintes fases:

a) Primeira fase: entrevista persoal (máximo 5 puntos).

Consistirá na realización dunha entrevista persoal das candidatas aos efectos de valorar a súa predisposición (actitude, motivación) para o desenvolvemento do posto de traballo que se lle oferta, as competencias (aptitude, capacitación) para o dito desenvolvemento, así como a empregabilidade das persoas preseleccionadas pola Oficina de Emprego. Será dous puntos e medio (2,5) a puntuación mínima para pasar á fase de valoración dos criterios formativos. A puntuación máxima da entrevista persoal será de 5 puntos.

A entrevista será estruturada: todas as persoas candidatas responderán ao mesmo guión de preguntas, que o Tribunal fixará antes do seu inicio e que se incorporará á acta. Cada membro do Tribunal puntuará cada ítem conforme aos seguintes criterios:

Número de anuncio 2026/7521

Ítems a valorar	Criterios de valoración	Puntuación máxima
Predisposición: actitude e motivación	Coñecemento do programa e do posto; interese pola adquisición de experiencia no ámbito ambiental; disposición ao traballo en equipo e á atención ao público.	2
Competencias: aptitude e capacitación para o posto	Resposta a cuestións relacionadas coas funcións do apartado 1.2 (deseño dunha actividade de educación ambiental, identificación de especies ou hábitats, elaboración de material divulgativo).	2
Empregabilidade	Adecuación do programa ao itinerario de inserción da persoa candidata, tendo en conta o seu perfil formativo e as súas necesidades de inserción.	1

As cualificacións desta fase de entrevista adoptaranse sumando as puntuacións outorgadas por cada membro do Tribunal a cada aspirante e dividíndoas polo número total de membros do Tribunal, sendo o cociente resultante a puntuación que obteña o aspirante na entrevista.

b) Segunda fase: valoración de criterios formativos.

1. Dado que o programa vai dirixido á adquisición de experiencia e práctica profesional de persoas mozas, que facilite a súa inserción no mercado laboral, nesta segunda fase farase unha valoración dos criterios formativos das persoas candidatas.

2. Os criterios valorables serán os seguintes:

2.1. Criterios formativos (ata 8 puntos)

Baremo de méritos – máximo 8 puntos	Puntos
1. Outras titulacións (distintas da esixida como requisito de acceso). Máster / posgrao específico → 2 puntos. Outras titulacións de especialización dentro da área → 1 punto.	(Máximo 3,00 puntos)
2. Formación complementaria. Cursos de especialización, formación continua, en materias relacionadas coas funcións do posto convocado. Cursos de 20 a 49 horas: 0,10 puntos (ata 1,00 punto). Cursos de 50 a 99 horas: 0,20 puntos (ata 1,00 punto). Cursos de 100 a 500 horas: 0,30 puntos (ata 1,00 punto). Cursos a partir de 500 horas: 0,50 puntos (ata 1,00 punto). Acreditaranse mediante documento xustificativo da formación cursada (certificación, diploma ou título acreditativo). Só se valorará a formación convocada, impartida ou homologada polas Administracións Públicas, Universidades, Colexios profesionais, Organizacións sindicais e Cámaras de Comercio. Non se valorarán os cursos nos que non se especifiquen as horas de duración ou número de créditos. Cando o documento xustificativo especifique a duración en créditos, salvo que certifique outra cousa, entenderase que 1 crédito equivale a 10 horas e 1 crédito ECTS equivale a 25 horas.	(Máximo 4,00 puntos)
3. Celga 4 ou equivalente → 1 punto.	(Máximo 1,00 punto)

3. As persoas preseleccionadas pola Oficina de Emprego e interesadas en participar na presente convocatoria deberán presentar a instancia de solicitude e de méritos alegados, conforme ao modelo que figura no Anexo 1, acompañada da documentación necesaria para acreditar os criterios formativos. A presentación realizarase no prazo de 2 días hábiles contados dende o día seguinte ao da comunicación da preselección, a través do Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela, da súa sede electrónica ou de calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A Axencia Local de Colocación prestará información e asistencia ás persoas candidatas para a presentación.

SEXTA. Tribunal Cualificador.

1. O Tribunal encargado da selección estará integrado por cinco (5) membros, coa seguinte composición: Presidente/a, Secretario/a e tres vogais.

2. A composición nominal dos membros do Tribunal axustarase ao disposto no artigo 60 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, e aprobarase por Resolución do órgano competente, con publicación na páxina web da Axencia Local de Colocación. Todos os membros serán persoal técnico ao servizo do Concello, e polo menos un deles estará adscrito ao Servizo de Recursos Humanos e Avaliación, co fin de garantir a supervisión do proceso selectivo por parte do departamento de persoal.

3. O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros.

4. Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

5. O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do proceso de

Número de anuncio 2026/7521

selección en todo o que non estea previsto nestas bases. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SÉTIMA. Cualificacións e proposta do Tribunal.

1. Finalizada a fase de entrevista e a valoración dos criterios formativos, o Tribunal fará pública a relación provisional de aspirantes que superaron o proceso selectivo, coa cualificación acadada por cada un deles/as.

2. As persoas candidatas disporán dun prazo de dous (2) días hábiles para formular as reclamacións que consideren oportunas. Transcorridos eses dous (2) días hábiles, procederase a elevar a definitiva a dita listaxe e publicar a acta final de selección.

3. A cualificación final será a resultante da suma das puntuacións obtidas na entrevista persoal e na valoración dos criterios formativos. No caso de producirse un empate entre candidatos/as, dirimirase conforme a: 1º. Maior puntuación nos criterios formativos. 2º. Maior puntuación na entrevista. No caso de persistir o empate, resolverase mediante unha proba a decidir polo Tribunal.

4. O Tribunal elevará ao órgano competente esta relación, propoñendo a contratación das candidatas que obtiveran a maior puntuación final.

5. Aquelas persoas seleccionadas que non se presenten o día no que sexan convocadas para a sinatura do contrato, agás nos casos de forza maior, non poderán ser contratadas. Neste caso, formularase proposta adicional a favor da persoa candidata que lle siga na orde de puntuación.

6. Coas persoas aspirantes que superasen o proceso pero non resultasen seleccionadas, se as houbera, determinadas por orde descendente de puntuación, o Tribunal elevará proposta para formar unha listaxe de reserva para cubrir posibles renuncias, baixas, vacantes temporais ou circunstancias sobrevidas do persoal durante o desenvolvemento do programa.

OITAVA. Incompatibilidades.

O réxime de incompatibilidades será o previsto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas e no seu Regulamento de desenvolvemento.

NOVENA. Carácter vinculante das bases.

As bases desta convocatoria vinculan á administración municipal, ao Tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso selectivo.

DÉCIMA. Incidencias.

O Tribunal cualificador queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DÉCIMO PRIMEIRA. Réxime xurídico.

O proceso selectivo regularase polo disposto nestas bases e, no non previsto nelas, de acordo co establecido na lexislación vixente de aplicación. As bases xerais da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A Administración local tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei.

Santiago de Compostela a 16 de novembro de 2026

Asdo: Saleta Chao Rivas

Concelleia delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local

Número de anuncio 2026/7521

ANEXO 1

INSTANCIA DE PRESENTACIÓN DE MÉRITOS

PROGRAMA DE CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL (TR350E – FSE+ GALICIA 2021-2027). CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA 2026

NOME			
APELIDOS			
DNI		DATA DE NACEMENTO	
ENDEREZO			
TELÉFONO		EMAIL	

DECLARO

- Reunir os requisitos sinalados nas bases reguladoras do proceso de selección para a contratación de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil ao abeiro da subvención da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, cofinanciada polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) Galicia 2021-2027 (código de procedemento TR350E).
- Non estar separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparme en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionaria do que estivese separada ou inhabilitada. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparme inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no meu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Non estar incursa en ningunha das causas de incompatibilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas determinadas pola lexislación vixente.

ACHEGO

- Copia do título esixido como requisito (base segunda, apartado 2).
- Documentación acreditativa dos méritos formativos alegados (base quinta, letra b).

Así mesmo, AUTORIZO á Administración actuante para que proceda ao tratamento dos meus datos persoais para o desenvolvemento do proceso selectivo, á solicitude ao SEPE do certificado de situación de desemprego e á comprobación da condición de persoa inscrita no rexistro de garantía xuvenil.

Santiago de Compostela, _____ de _____ de 2026

Asdo.: (sinatura)

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2026/7521

Número de anuncio 2026/7521